

Concello de Outes

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2019/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria urxente Motivo: «APROBACIÓN DEDICACIÓNS / RÉXIME DE ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS / ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS»
Data	15 de xullo de 2019
Duración	Desde as 21:00 ata as 21:30 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MÍRIAM NAVEIRA DONO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Concello de Outes

79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SÍ
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	SÍ
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SÍ
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SÍ
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

RATIFICACIÓN DA URXENCIA

O Pleno da Corporación, trala correspondente votación, acorda por unanimidade a ratificación da urxencia da sesión plenaria.

Expediente 506/2019. Procedemento Xenérico

PROPOSTA DA ALCALDÍA

En data 15/06/2019 constituíuse a nova corporación municipal 2019-2023 xurdida das pasadas eleccións municipais do mes de maio.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Concello de Outes

Mediante decreto desta alcaldía (171/2019, do 28 de xullo) acordouse o nomeamento da Xunta de Goberno Local, tenentes de alcalde, concelleiros delegados da Alcaldía e delegación de competencias na Xunta de Goberno Local e primeira tenente de alcalde.

As competencias asumidas nas distintas áreas, ás que se fai referencia no citado Decreto, xustifican unha dedicación parcial de 25 horas semanais da primeira Tenencia de Alcaldía, D^a Alba Quintela Vilariño, unha dedicación parcial de 8 horas semanais da segunda Tenencia de Alcaldía e concelleiro delegado de Cultura, Xuventude e Voluntariado, D. José Manuel Ramos Caamaño, e 8 horas semanais para a terceira Tenencia de Alcaldía e concelleiro delegado de Deportes e Educación, D. Daniel Rodríguez Gándara.

En vista do anterior, con data de 04/07/2019, por esta Alcaldía propúxose ó Pleno un réxime de dedicacións exclusivas e parciais, con especificacións de dedicacións temporais e retributivas, que foi rexeitado polo mesmo.

Visto que, con motivo do anterior Pleno de organización se emitiu informe por Intervención acerca da existencia de consignación suficiente e axeitada no Orzamento municipal vixente para proceder ao pago das retribucións propostas, e que as retribucións cuxa consideración se somete en esta ocasión ó órgano plenario son inferiores a aquelas;

Visto, que o tempo de dedicación das distintas dedicacións non muda con respecto á proposta inicial;

Considerando o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, propoño ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Determinar que os cargos que realizan as súas funcións en réxime de dedicación especial son os seguintes:

- En réxime de dedicación exclusiva o/a alcalde/sa.
- En réxime de dedicación parcial:

1. A/o primeira/o tenente de alcalde, cunha dedicación de 25 horas semanais, equivalente ao 67 % da xornada ordinaria de



Concello de Outes

traballo.

2. A/o concelleiro delegado de Cultura, Xuventude e Voluntariado, cunha dedicación de 8 horas semanais, equivalente ao 21 % da xornada ordinaria de traballo.

3. A/o concelleiro delegado de Deportes e Educación, cunha dedicación de 8 horas semanais, equivalente ao 21 % da xornada ordinaria de traballo.

SEGUNDO. Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación [*exclusiva/parcial*], as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

— O cargo de alcalde/sa percibirá unha retribución anual bruta de 40.425,00 euros.

— O cargo de primeira/o tenente de alcalde percibirá unha retribución anual bruta de 24.000,00 euros.

— O cargo de concelleira/concelleiro delegado de Cultura, Xuventude e Voluntariado percibirá unha retribución anual bruta de 7.250,00 euros.

— O cargo de concelleira/concelleiro delegado de Deportes e Educación percibirá unha retribución anual bruta de 7.250,00 euros.

A ditas contías non se lles aplicará o incremento retributivo que cada ano se aprobe para o persoal do sector público.

As citadas retribucións non inclúen os trienios aos que teñan dereito as persoas que ocupen os respectivos cargos.

O presente acordo retributivo producirá os seus efectos, en canto á dedicación exclusiva do Alcalde, a partir do 31 de agosto de 2019; en canto ás dedicacións parciais, dende a data en que sexa adoptado (*15 xullo*).



Concello de Outes

TERCEIRO. Determinar que os membros da Corporación que non perciben retribucións por dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

— Por asistencia ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local e Comisións Informativas: 60 euros.

En calquera caso só cuantificarase unha asistencia por día, con independencia do número de sesións que se celebren.

CUARTO. As axudas de custo dos membros da Corporación, por comisións de servizos ou xestións oficiais dispostas pola Corporación ou o seu Alcalde-Presidente, realizadas por razón do cargo, por traslado fóra do termo municipal, indemnizaranse trala súa xustificación consonte o que dispón o Real Decreto 462/2002, do 24 de maio. Para estes efectos, os membros da Corporación asimílanse ao Grupo 1 do Anexo II da devandita norma en caso de axudas de custo en territorio nacional, e ao Grupo 2 do Anexo III en caso de axudas de custo no estranxeiro.

QUINTO. Que se publique no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios municipal de forma íntegra o presente acordo, así como no Portal de Transparencia sito na sede electrónica do Concello de Outes, aos efectos do seu xeral coñecemento.

DEBATE

Inicia o debate o Sr. Alcalde facendo referencia a que se trata dunha proposta moi semellante á inicialmente presentada, na que basicamente o único que cambia é o montante total das dedicacións.

A continuación toma a palabra a portavoz do grupo popular, e comeza dicindo que esta nova proposta, correspóndese co suxerido polo seu grupo na anterior sesión, de xeito que o gasto, que na primeira proposta superaba ao asignado para o anterior grupo de goberno, pasa a equipararse co que se percibía na pasada lexislatura, polo que adianta a súa abstención.

De todos os xeitos, fai dúas puntualizacións ao respecto: a primeira,



Concello de Outes

que si é certo que rebaixaron os seus salarios, pero non lle aplicaron a redución do 20% que prometían no seu programa electoral; e, a segunda, que aínda producida esta rebaixa, a media percibida por concelleiro de CO segue sendo maior que a que lle correspondía aos concelleiros do anterior goberno (1.688) €.

De seguido toma a palabra a portavoz do grupo BNG, que por parte do BNG de Outes teñen moi claro que cando un vén á política, ten que vir sendo unha persoa coherente, e ten que vir con xenerosidade. Fai referencia a que o Alcalde dixera que tentase dialogar con todas as forzas políticas, pero para isto ademais de achegar as propostas hai que amosar intencionalidade, se ben o Sr. González nunca o fixo, se non que se limitou a cumprir coa súa obriga. Cando un vén á política ten que vir tendo moi claro que o Alcalde é o representante dos veciños e veciñas de Outes, elixido para defender os seus dereitos e intereses e, cando no Pleno anterior o BNG dixo que o goberno está en minoría, significa que non ten o respaldo social suficiente para sacar un goberno e un proxecto adiante. Por tanto insta ó Alcalde a deixar de facer malabarismos cos números e coa dialéctica e de intentar enganar ós veciños, a que aparque os seus intereses particulares e se aplique unha dose de humildade, e se poña a traballar polo Concello cumprindo o programa co que gañou as eleccións. Cando estaba na oposición, recriminaba ó goberno anterior un gasto excesivo. Pese a que ven que seguen as directrices que marcou o PP para absterse, o gasto segue a ser superior, polo que votarán en contra, xa que non poden consentir un goberno en minoría con uns concelleiros que cobran máis que un goberno en maioría, non van a consentir ese saqueo das arcas públicas. O BNG de Outes non está disposto a permitir este gasto e insta ó Alcalde a que cumpra o seu programa e se aplique a baixada do 20% prometida.

Tampouco están de acordo co organigrama presentado, xa que é difícil entender unha dedicación parcial de 8 horas semanais a cultura e outra a deportes nas mesmas condicións, cun salario anual de 7.250 euros, polo que dificilmente van a xestionar esas áreas nesas condicións. Pero engade que o máis indignante para eles é que se deixa sen dedicación un tema tan importante e necesario para o Concello como é o de asuntos sociais e benestar, é difícil de entender e un engano para os veciños, xa que tanto no programa como en prensa o Alcalde fai referencia a que este é un tema moi importante para os veciños pero logo o deixa sen o tempo necesario para poder prestar unha boa atención. E, por último, dálle os parabéns ó Alcalde polo feito da retirada da cláusula de actualización do seu salario conforme ó IPC, reiterando que é un

Concello de Outes



Concello de Outes

cargo público, non un funcionario.

Por último, toma a palabra o representante do PSOE, que fai referencia ás súas palabras do último Pleno; o que queren é que comecen a gobernar sen que este punto sexa un impedimento para facelo, polo que aceptan a súa proposta aínda que non a compartan totalmente. Se consideran que é o mellor para levar a cabo o seu traballo no Concello, adiante, boa sorte e a traballar.

Contesta o Alcalde, brevemente e repetindo o xa dito no Pleno anterior, que desde o goberno creen que as dúas dedicacións en cultura e deportes, non é porque teñan que ir ós eventos, se non que a organización dos mesmos se pode facer tanto pola mañá como pola tarde, polo que é perfectamente compatible cos traballos dos dous concelleiros adscritos; achácalle ó BNG que por un lado diga que é moito diñeiro en soldos e por outro que tiñan que ter máis tempo nas dedicacións, non o acaba de entender moi ben...

En canto ó dito pola portavoz do PP, repite, que eles saben perfectamente, e son os que están facendo demagogia en este punto e momento, que hai unha partida nos orzamentos que se chama “órganos de goberno”, que abarca dedicacións e indemnizacións por asistencia a Plenos, Xuntas de Goberno, etc., e se se vai ó seu programa verán moi claramente a proposta “redución dun 20 % do gasto en órganos de goberno”, polo que non entende por que insisten en que esa redución é nas dedicacións exclusivas, polo que aforrarán ó Concello un montante total de 35.000 euros, o que é o verdadeiramente importante, xa que poderán ser adicados a outras cousas.

En canto ó que apuntaba a portavoz do BNG, non entende que afirme que os gastos en dedicacións son superiores ós de hai 4 anos, xa que se non o é, como amosa a abstención do Partido Popular.

Respecto da concellería de servizos sociais e benestar, como xa tamén se explicou, o día a día será atendido pola Alcaldía e a coordinación en mans da concelleira Raquel García. Esa área vai a estar perfectamente atendida.

Outra cuestión, respecto da cláusula da adaptación salarial, di o Alcalde que sabe perfectamente que os cargos políticos non son funcionarios, pero en Concellos como, por exemplo, en Muros, o grupo de goberno si o acordou o Pleno coa abstención do BNG do Concello veciño, e fai referencia a diversos Concellos nos que goberna o BNG nos que os salarios son maiores que os propostos polo grupo de goberno en Outes.

Remata dicindo que CO tivo vontade de diálogo, pero que

Concello de Outes



Concello de Outes

reiteradamente o BNG remitiu ó grupo de goberno á celebración do Pleno, e preferiron, con toda a lexitimidade do mundo, reunirse na sede do PP.

D^a Beatriz na súa segunda quenda, aclara que o Partido Popular se reúne con todo o mundo, sin que nunca haxa ningún problema en falar con ninguén.

D^a María Xosé pregunta si recrimina a reunión coas demais forzas, que é lexítimo, e a obriga dos representantes políticos de Outes. E reitera que non tentou diálogo, se non buscar un guión, buscar as pautas para que todos os acordos fosen adiante no primeiro Pleno de organización. E puntualiza, respecto das partidas que se retiran para a comisións para se soben no salario, e o 20 % da baixada no salario non é certa. E pídelle por favor que se ciña ó Concello de Outes, non a outros gobernos do BNG doutros Concellos.

Non engade nada máis o Alcalde, simplemente reitera que entende que a súa proposta é clara, inferior á existente, o gasto por asistencia a órganos colexiados vai caer, haberá aforro, que foi o aforro estipulado nun 20% e agarda que os Plenos a partir de agora transcorran con educación, se ben el non pode indicar os argumentos de cada grupo, nin nas súas propostas nin para fiscalizar ó goberno.

Finalizado o debate, procédese á **VOTACIÓN**, que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 abstencións
- BNG: 2 votos en contra
- PSOE: 1 abstención.

Remata a sesión ás 21:30 do que, como Secretaria, dou fe.



Concello de Outes

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:

